| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTO** | Debuxo |
| MATERIA OU ÁMBITO | Proxectos creativos |
| CURSO E GRUPOS | 1º BAC |
| PROFESORADO | Nélida Lejárraga Fernández |
| LIBRO DE TEXTO | no |
| | Ano de implantación |

# Programación didáctica

# BACHARELATO

# Introdución Xeral

**Introdución xeral**

Marco legal previo:

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliables de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliables, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

*A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliables terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.*

*Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*A esta normativa curricular engádese este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do deseño como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

**Introdución xeral**

O deseño converteuse nun elemento de capital importancia en todos os tipos de producións humanas e constitúe hoxe un dos principais motores da economía cultural. O deseño aplícase en todos os ámbitos e atópase por todas as partes, penetrando no cotián de tal xeito que a súa omnipresencia o torna imperceptible. A función do deseño na sociedade contemporánea non debe entenderse unicamente como o proceso de ideación e proxección para a produción de obxectos, sexan estes bidimensionais ou tridimensionais. Un problema de deseño non é un problema circunscrito á superficie xeométrica de dúas ou tres dimensións. Todos os obxectos se conectan sempre cun contorno, directa ou indirectamente, e, xa que logo, o conxunto de conexións que un obxecto establece con moi distintas esferas é extensísimo. Por iso, o/a deseñador/a debe contribuír a que se estableza unha relación recoñecible e inmediata da persoa co seu contorno, onde este se fai accesible, amable, útil e adaptado. O deseño debe atender tanto aos aspectos materiais, tecnolóxicos e funcionais dos obxectos como aos simbólicos e de comunicacións. Un bo deseño contribúe a que poidamos utilizar eficazmente os obxectos dun xeito intuitivo e cómodo, ou a que comprendamos con rapidez as mensaxes do noso contexto.

O estudo dos fundamentos do deseño é de grande importancia para capacitar o alumnado para a comprensión do seu contorno e para a satisfacción con el, e para desenvolver a creatividade e o pensamento diverxente, ao potenciar a capacidade para producir respostas múltiples ante un mesmo estímulo. O estudo e a iniciación á práctica do deseño promoven, por tanto, posturas activas ante a sociedade e a natureza, e fomentan unha actitude analítica respecto á información que chega do contorno, contribuíndo a desenvolver a sensibilidade e o sentido crítico.

A materia que nos ocupa, ten por finalidade proporcionar unha base sólida acerca dos principios e dos fundamentos que constitúen esta actividade. É unha materia de carácter teórico-práctico que, sen pretender formar especialistas na materia, debe proporcionarlle ao alumnado os coñecementos fundamentais do ámbito do deseño e as ferramentas necesarias para se iniciar no estudo, na análise e na realización de proxectos elementais de deseño.

Por outra banda, o desenvolvemento e a adquisición de competencias constitúen elementos fundamentais á hora de abordar e orientar o proceso de ensino e aprendizaxe. Os contidos da materia estrutúranse en  bloques que agrupan contidos e procedementos; malia iso o seu desenvolvemento non debe entenderse de xeito secuencial.

Ao principio abordaremos contidos básicos da materia: principais ámbitos do deseño, e debe contribuír a que o alumnado comprenda que a actividade de deseñar sempre está condicionada polo ámbito natural, social e cultural en que se desenvolva.

Despois pasaremos ao análise e ao estudo dos elementos de configuración específicos para o deseño de mensaxes, obxectos ou espazos en función das súas dimensións formais, estéticas, comunicativas e simbólicas.

O terceiro bloque incide na importancia da metodoloxía proxectual como unha valiosa e necesaria ferramenta que canalice a creatividade, a fantasía e a inventiva á eficaz resolución de problemas de deseño.

A última parte da materia pretende ser unha aproximación ao coñecemento e á práctica do deseño nos ámbitos da comunicación gráfica.

Para rematar, a materia Deseño facilita o desenvolvemento da competencia de conciencia e expresións culturais, da competencia dixital, tan necesaria para realizar calquera tipo de deseño, así como as competencias de aprender a aprender e de sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Cando se toman decisións e se panifica o proceso de elaboración dun produto non se pode esquecer a finalidade comunicativa que poden ter moitas obras. Finalmente, de forma máis puntual, trabállase coa competencia matemática e coas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

# 1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

**Competencias clave do currículo de BAC**

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias crave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio

nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicos innovadores. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conjuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informales.

Adóptase a denominación das competencias crave definidas pola Unión Europea. Considérase que as competencias crave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Identifícanse sete competencias crave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias crave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia digital (CD).

Aprender a aprender (AA).

Competencias sociais e cívicas (SC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).

Conciencia e expresións culturais (CEC).

Tal e como consta na introducción , con esta materia o alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, feitos importantes para a adquisición da competencia artística e cultural.

Tamén fomenta a adquisición de autonomía e iniciativa persoal o desenrolar as habilidades para desenvolver estratexias de planificación , previsión de recursos e avaliación anticipada de resultados.

Na medida en que á creación artística pode supoñer un traballo en equipo , contribúe o desenrolo da competencia social e cidadá, promovendo actitudes de tolerancia, respeto, cooperación..

Asemesmo co acercamento ao contorno audiovisual e multimedia co uso de recursos tecnolóxicos específicos, ademais de colaborar na adquisición da competencia dixital e ser un recurso válido para a producción de creacións visuais acerca o alumno a un coñecemento do tratamento da información a que se accede a través do mundo da imaxe.

Mediante a utilización de procedementos como a observación, experimentación, descubremento e análise a materia contribúe a adquisición da competencia no coñecemento e interacción do mundo físico. O mesmo sucede coa competencia matemática xa que se desenvolve a lenguaxe simbólica e profundizase no coñecemento de aspectos espaciais da realidade mediante a Xeometría, e a representación obxectiva das formas.

Tamén enriquece a capacidade comunicativa dado que posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes.

Na descrición do modelo competencial, é interesante incluír os "descriptores competenciales" xa que supoñen unha reconfiguración dos contidos que facicita a súa aplicación no adestramento das competencias. As competencias non se ensinan, nin se estudan, adéstranse. Para iso hai que xerar situacións de aprendizaxe nas que o alumno aplique os coñecementos adquiridos.

Abordar cada competencia é inabarcable, para iso, as competencias rómpense en indicadores, que permiten abarcala. Os indicadores rómpense á súa vez en descriptores. Para medir o grado de adquisición das competencias contamos con entre 3 e 6 descriptores por indicador e os descriptores transfórmanse en evaluables nas unidades didácticas a través dos desempeños competenciais (concretos , obxetivables e que nos indican o que debemos observar nas actividades deseñadas para cada unidade).

doutra banda, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir.

As diferenzas substanciais entre alumnos , levarannos a traballar desde os diferentes potenciais que posúen aplicando as pertinentes Medidas de atención á diversidad, descritas no apartado correspondente da programación

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN**

**LINGÜÍSTICA**

A materia contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida que favorece a compresión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descriptores que fundamentalmente traballaremos son:

- *Comprender o sentido de textos orais e escritos*
- *Expresar oralmente con corrección, adecuación e coherencia.*
- *Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra e escoitar atentamente ao seu interlocutor.*
- *Manexar elementos da comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.*
- *Utilizar o vocabulario axeitado para expresarse.*

Na programación, a competencia lingüística será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- Comprende, valora e explica de maneira argumentada a incidencia que ten o deseño na formación de actitudes éticas, estéticas e sociais e nos hábitos de consumo.
- Coñece e aplica a metodoloxía proxectual básica.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

A materia ofrece oportunidades ao alumno para utilizar a linguaxe simbólica, así como a profundización nos aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén se adestran procedementos relacionados co método científico, como o son a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

Os descriptores que fundamentalmente traballaremos son:

- *Interactuar coa contorna natural de xeito respectuosa*
- *Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura. vida futura.*
- *Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.*
- *Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorala comprensión da realidade circundante nos distintos ámbitos.*
- *Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, formas xeométricas...*
- *Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.*

*Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:*

- Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en obxectos de deseño ou do contexto cotián.
- Planifica o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra.
- Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto para o seu posterior desenvolvemento.
- Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL**

Dentro da materia aparecen contidos que fan referencia á contorna audiovisual e multimedia, dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais. Tratarase de Adquirir capacidade no tratamento tecnolóxico da imaxe. Fomentar o uso dos medios técnicos para o trazado e a descrición científica de formas.

Os descriptores que fundamentalmente traballaremos son:

1. *Empregar distintas fontes para a procura de información.*
2. *Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidad.*
3. *Elaborar información propia distinta da obtida a través de medios tecnolóxicos.*

4. *Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.*
5. *Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.*
6. *Manexar ferramentas digitales para a construción de coñecemento.*
7. *Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.*

Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- Modifica os aspectos comunicativos dunha peza de deseño, ideando alternativas compositivas e reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos.
- Utiliza con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplícaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico.
- Realiza composicións gráficas, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe visual.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

Esta materia contribuirá á competencia de aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica tómaa de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Descriptores prioritarios:

- *Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe*
- *xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.*
- *Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.*
- *Seguir os pasos establecidos e tomar decisións en función dos resultados intermedios que vai obtendo.*
- *Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.*

*Na programación, a competencia de aprender a aprender será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:*

- Analiza imaxes de produtos de deseño e de obras de arte, e explica razoadamente as principais semellanzas e diferenzas entre estes dous ámbitos, utilizando con propiedade a terminoloxía específica da materia.
- Recolle información, analiza os datos obtidos e realiza propostas creativas.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

Esta materia é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica, na medida en que as producións artísticas pódense suscitar como traballo en equipo, sendo unha gran oportunidade para fomentar a cooperación , o respecto, a tolerancia....Por outra banda, o fomento da creatividade no aula leva a valorar diversos enfoques e formulacións.

Descriptores prioritarios:

1. Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar.
2. Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
3. Mostrar disponibilidad para a participación activa nos ámbitos establecidos.
4. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
5. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Na programación, a competencia social e cívica será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- Analiza imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaas coa súa corrente, a súa escola ou o seu período.
- Determina as características técnicas e as intencións expresivas e comunicativas de diferentes obxectos de deseño.
- Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto dos integrantes do grupo

nun traballo de equipo.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

Esta área colabora en gran medida na adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto; e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de avaliación de resultados. Este proceso sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións dun xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Descriptores prioritarios:

1. *Optimizar recursos apoiándose en fortalezas propias.*
2. *Ser constante no traballo superando dificultades.*
3. *Xestionar o traballo en grupo, coordinando tarefas e tempos.*
4. *Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.*
5. *Mostrar iniciativa persoal para comezar a promover accións novas.*
6. *xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos dun tema.*
7. *Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.*
8. *Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.*
9. *Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou proxectos*.

Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- Desenvolve proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas.
- Materializa a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS**

A materia que nos ocupa, contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural, xa que pon énfasis en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e , desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e o alumno é capaz de expresarse a través da imaxe. A adquisición desta competencia permítelle coñecer , valorar e respectar as diferentes manifestacións culturais e artísticas e apreciar os recursos e técnicas que lles son propios e Coñecendo os diferentes resortes que propician a creatividade e valoralos nas diferentes producións artísticas.

Descriptores prioritarios:

1. *Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.*
2. *Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.*
3. *Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.*
4. *Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural e cara a aquelas persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.*
5. *Valorar a interculturalidad como fonte de riqueza persoal e cultural.*

Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- Analiza imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaas coa súa corrente, a súa escola ou o seu período.
- Utiliza a cor atendendo ás súas calidades funcionais, estéticas e simbólicas, e á súa adecuación a propostas específicas de deseño.
- Descompón en unidades elementais unha obra de deseño gráfico complexa e reorganízaas elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais.

- Realiza proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade.
- Examina obxectos de deseño e determina a súa idoneidade en función das súas características técnicas, comunicativas e estéticas.
- Identifica as principais familias tipográficas e recoñece as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición
- Utiliza de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e na súa composición.

## 2. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

| Obxectivos de etapa |
|---|
| |
| Concreción dos obxectivos para o curso. Relación entre os obxectivos de etapa, os criterios de avaliación e os contidos. |
| a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. |
| b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. |
| c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. |
| d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. |
| f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. |
| g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social. |
| i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. |
| l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. |
| m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. |
| n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. |
| ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. |
| o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. |
| p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. |

# 3. Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:

**Unidade didáctica 1** : Deseño gráfico e publicidade.

| ob | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares | comp | Proc. |
|---|---|---|---|---|---|
| b<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | Fases do proceso do deseño: formulación e estruturación (suxeito, obxecto, método e finalidade), elaboración e selección de propostas, e presentación do proxecto. | Resolver problemas de deseño de xeito creativo, lóxico e racional, adecuando os materiais e os procedementos á súa función estética, práctica e comunicativa. | Desenvolve proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas. | CSIEE | TP |
| b<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | Fundamentos de investigación no proceso do deseño: compilación de información e análise de datos. | Compilar e analizar información relacionada cos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables ante un problema de deseño. | Recolle información, analiza os datos obtidos e realiza propostas creativas. | CAA | TP |
| b<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | Planificación do proceso de execución: propósito, necesidades, estilo, orzamento, tempo de execución, etc. | Achegar solucións diversas e creativas ante un problema de deseño, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente.<br>. | . Planifica o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra. | CMCCT | TP |
| | | | Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto para o seu posterior desenvolvemento. | CMCCT | TP |
| b<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | Materiais técnicos e procedementos para a realización de esquemas e bosquexos gráficos. | Coñecer e aplicar técnicas básicas de realización de esquemas e bosquexos, presentar con corrección os proxectos e argumentalos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos | Realiza esquemas e bosquexos para visualizar a peza e valorar a súa adecuación aos obxectivos propostos. | CAA | TP |
| | | | Materializa a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica. | CSIEE | TP |
| | | | Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta | CSC | TP |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | e valora as realizacións do resto dos integrantes do grupo nun traballo de equipo. | | OS |
| | | | ▪ Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | | OS |

## Unidade didáctica 2 : Metodoloxía do Deseño

| ob | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares | com | Proc. |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ Ámbitos de aplicación do deseño gráfico.<br>▪ Aplicacións. | ▪ Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe gráfica e utilizalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal de deseño gráfico, e analizar desde o punto de vista formal e comunicativo produtos de deseño gráfico, identificando os recursos gráficos, comunicativos e estéticos empregados. | ▪ Realiza proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade. | ▪ CCEC | TP |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ Tipografía: carácter tipográfico. Elementos tipográficos. Lexibilidade. Clasificación dos tipos. Principais familias tipográficas. | ▪ Identificar as principais familias tipográficas e recoñecer as pautas básicas de lexibilidade, estrutura, espazamento e composición. | ▪ Recoñece e aplica as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición | ▪ CCEC | TP |
| | | | ▪ Utiliza de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e na súa composición. | ▪ CCEC | TP |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ A función comunicativa da imaxe e a súa relación cos ámbitos do deseño. | ▪ Desenvolver unha actitude reflexiva e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte. | ▪ Relaciona o grao de iconicidade de imaxes gráficas coas súas funcións comunicativas. | ▪ CAA | TP |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ Deseño publicitario. Fundamentos e funcións da publicidade. Elementos da linguaxe publicitaria.<br>▪ Deseño publicitario e hábitos de consumo. | ▪ Realizar proxectos elementais de deseño gráfico identificando o problema, achegando solucións creativas e seleccionando a metodoloxía e os materiais adecuados para a súa materialización. | ▪ Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas. | ▪ CMCCT | TP |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ n | | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ Programas informáticos de Ilustración e deseño: programas de deseño vectorial e programas de maquetaxe. | ▪ Iniciarse na utilización de programas informáticos de ilustración e deseño aplicándoos a diferentes propostas de deseño. | ▪ Utiliza con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplícaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico. | ▪ CD | TP |

**Unidade didáctica 3**: As Novas tecnoloxías aplicadas á creación de imaxes o mensaxes audiovisuais.

| ob | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares | com | Proc. |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ Fotografía en cor: características principais. | ▪ Analizar o uso da cor na imaxe fixa: saturación, matiz, investimento, etc. | ▪ Realiza composicións nas que a cor é un elemento expresivo intencionado pudendo alterar o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos. | ▪ CD | TP |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.3. Fotografía en branco e negro: características principais. | ▪ B2.3. Analizar a capacidade expresiva da imaxe en branco e negro, e a súa utilización como alternativa á fotografía en cor. | ▪ Realiza composicións creativas utilizando o branco e negro como medio de expresión e logo analiza os resultados obtidos. | ▪ CD | TP |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ Encadramento na imaxe fixa. | ▪ Analizar as composicións fotográficas, valorando a disposición dos elementos dentro do espazo físico da imaxe. | ▪ Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia con aquelo que pretende transmitir. | ▪ CD | TP |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ Valores formais, estéticos, expresivos e de significado das imaxes. | ▪ Seleccionar e discernir recursos audiovisuais adaptados a unha necesidade concreta. | ▪ Elabora unha pequena produción audiovisual, aplicando solucións expresivas segundo que pretende comunicar | ▪ CD | TP |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| g<br>h<br>m<br>n | Incidencia das mensaxes segundo o emisor e o medio utilizado. | | | | |
| a<br>e<br>f<br>g | Creación dixital de imaxes.<br>Deseño dun proxecto publicitario.<br>Desenvolvemento dun proxecto persoal. | Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. | Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. | CD<br>CSIEE<br>CCEC | TP |
| | | | Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. | CD<br>CSIEE<br>CCEC | TP |
| | | | Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. | CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | TP |
| b<br>e<br>f<br>i | Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.<br>. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.<br>Planificación dun proxecto artístico. | Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. | Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. | CSIEE<br>CCEC | TP |
| | | | EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. | CD<br>CSIEE<br>CCEC | TP |
| | | | EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. | CSIEE<br>CCEC | OS<br>TP |

**Unidade didáctica 4** : Elaboración de proxectos tridimensionais.

| ob | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares | com | Proc. |
|---|---|---|---|---|---|
| h | Comunicación das intervencións | B3.4. Crear configuracións tridimensionais dotadas de | Utiliza os medios expresivos, as técnicas e os materiais en función do significado e os aspectos comunicativos da intervención tridimensional | CC | TP |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | tridimensionais: mensaxe. | significado nas que se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido. | planificada. | EC | |
| b<br>d<br>f<br>g<br>h<br>i<br>l<br>m<br>n | ▪ Proxecto. Fases e metodoloxía de traballo desde a ideación á obra final. | ▪ Valorar a metodoloxía xeral de proxectación, identificando e relacionando os elementos que interveñen na configuración formal dos obxectos e para resolver problemas de configuración espacial de intervencións tridimensionais de forma creativa, lóxica e racional, adecuando os materiais á súa función estética e comunicativa. | ▪ Determina as características técnicas segundo o tipo de produto e as súas intencións expresivas funcionais e comunicativas. | ▪ CMCCT | TP |
Normalmente, as clases da materia de Proxectos plásticos e creativos farase na aula de informática, aseguramos así que cada alumno teña un equipo informático cos programas instalados correctamente, necesario para a realización dos traballos propostos, o resto do material mencionado estará a súa disposición na aula de Educación plásica.

# 6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

## 6.1. Criterios de avaliación

**Avaliacións parciais**

Criterios utilizados para avaliar ao alumno:

| |
|---|
| **Unidade didáctica 1. Conceptos de deseño.** |
| Coñecer , describir e recoñecer as achegas do deseño en diferentes ámbitos e valorar a repercusión que tivo nas actitudes éticas, estéticas e sociais na cultura contemporánea. |
| Comprender que a actividade de deseñar sempre está condicionada polo contorno natural, social e cultural, e polos aspectos funcionais, simbólicos, estéticos e comunicativos aos que se lles queira dar resposta. |
| Utilizar os elementos básicos da linguaxe visual na realización de composicións creativas que evidencien a comprensión e a aplicación as veces intuitiva dos fundamentos compositivos. |
| Aplicar a teoría da cor e aplicala como recurso da linguaxe visual á realización de produtos concretos de deseño. |
| Diferenciar os aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos de obxectos de referencia dos distintos ámbitos do deseño. |
| ▪ **Unidade didáctica 2: Metodoloxía do Deseño .** |
| ▪ Resolver problemas de deseño de xeito creativo, lóxico e racional, adecuando os materiais e os procedementos á súa función estética, práctica e comunicativa. |
| ▪ Compilar e analizar información relacionada cos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables ante un problema de deseño. |
| Achegar solucións diversas e creativas ante un problema de deseño, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente. |
| Coñecer e aplicar técnicas básicas de realización de esquemas e bosquexos, presentar con corrección os proxectos e argumentalos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos |
| **Unidade didáctica 3: Deseño gráfico e publicidade.** |
| ▪ Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe gráfica e utilizalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal de deseño gráfico, e analizar desde o punto de vista formal e comunicativo produtos de deseño gráfico, identificando os recursos gráficos, comunicativos e estéticos empregados. |
| ▪ Identificar as principais familias tipográficas e recoñecer as pautas básicas de lexibilidade, estrutura, espazamento e composición. |
| ▪ Desenvolver unha actitude reflexiva e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte. |
| ▪ Realizar proxectos elementais de deseño gráfico identificando o problema, achegando solucións creativas e seleccionando a metodoloxía e os |

materiais adecuados para a súa materialización.

- Iniciarse na utilización de programas informáticos de ilustración e deseño aplicándoos a diferentes propostas de deseño.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación, especificados nos estándares indicados nos cuarto punto da programación.

Ao inicio do curso realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos e alumnas, mediante unha proba inicial de manexo dos programas informáticos. Esta avaliación servirá como punto de partida e referencia das aprendizaxes de cada un dos alumnos.

Ao longo do curso realizarase unha avaliación formativa, continua e integradora que permita coñecer, de forma inmediata, os fallos ou erros de aprendizaxe, para corrixilos.

Os procedementos que se van utilizar para avaliar son tres:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A) OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA.

Entendemos que pode ser un procedemento de grande utilidade nesta materia. o instrumento que nos axuda a recoller a información e poder utilizala é a ficha do profesor

Con este procedemento avaliaranse os seguintes aspectos:

* Capacidade de traballo: avaliarase o esforzo e a dedicación posta na realización das actividades na clase. Valorarase a actitude de interese, aproveitamento do tempo dispoñible e variedade de producións.

* Traballo en equipo: avaliarase a capacidade de adaptación a un grupo de traballo, evitando personalismos e responsabilizándose das tarefas propias. Valorarase a actitude de flexibilidade e responsabilidade na consecución do traballo encomendado ao grupo.

* Actitude xeral: avaliarase a capacidade de relación co resto de individuos do grupo e a súa actitude coa materia. Valorarase a corrección nas formas e o respecto ás normas da aula. Ditas normas se darán a coñecer ao alumno , así como os aspectos que o profesor recollerá na ficha de cada un deles.

Estes indicadores son unha referencia básica para cualificar as actividades realizadas polos alumnos e o profesor utilizará os rexistros da ficha do alumno para determinar o nivel de adquisición dos estándares .

A) TRABALLO INDIVIDUAL

En cada unidade didáctica o alumno terá que facer unha serie de traballos que indicarán o nivel de adquisición dos procedementos e contidos impartidos na mesma.

Cada actividade poderá obter unha cualificación máxima de 10 puntos. Se o alumno desexa mellorar a cualificación poderá repetir a actividade pola súa conta. Considerarase como válida a nota máis alta das obtidas.

Valorarase, de forma significativa, a entrega das actividades nos prazos e datas previstos. A media de todas as actividades realizadas nunha avaliación será a cualificación correspondente a este apartado, nesa avaliación. En caso de que unha das actividades sexa de máis envergadura e conte máis para a media, o profesor avisarao ao formular a proposta de traballo.

Ao final do curso realizarase unha avaliación sumativa que integre os datos proporcionados pola avaliación inicial e a avaliación continua e que permita unha valoración global do progreso realizado polo alumno na consecución das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais do ciclo e os específicos de cada un dos cursos.

**Avaliación final**

Aqueles alumnos ou alumnas que non superen a materia cada trimestre, poderán recuperala no mes de xuño. Será necesario que teña entregados os traballos que o profesor marque como ineludibles se a o alumno fáltalle algún dos

traballos básicos , deberá presentarse a unha proba final. A proba consistirá na realización dun traballo proposto polo profesor, na realización de dito traballo o profesor poderá comprobar o grao de adquisición dos contidos impartidos e o grao de manexo do alumno das técnica necesarias para a presentación do traballo ( o grao de dominio de programas de tratamento da imaxe). O profesor considerará se o alumno é apto ou non vendo os traballos presentados e o resultado da proba realizada.

**Avaliación extraordinaria**

No caso de que a cualificación obtida polo alumno na avaliación ordinaria sexa de suspenso existe a posibilidade de recuperar a materia na convocatoria extraordinaria. No caso de que o alumno chegue a esta convocatoria será avaliado do seguinte modo:

O alumno realizará unha proba na que se reflectirá si ha adquirido os mínimos para obter una cualificación de "aprobado". Esta proba terá como referencia na súa creación os contidos e obxectivos mínimos con respecto do curso, e será cualificada tendo como referencia os criterios relacionados con ditos obxectivos e contidos reflectidos nos apartados correspondentes desta programación. Ademais de dita proba, o alumno deberá presentar o mínimo dos traballos que o profesor teña establecido para dito ano, o xeito de calcular a cualificación obtida será a seguinte : 50% parte práctica + 50% proba realizada.

(O alumno só deberá realizar aquelas actividades que, estando establecidas como mínimas para a convocatoria final de xuño, no tivera feito durante o curso, mantendo a nota das feitas e tendo que volver a facer para setembro, só as que non entregou e as cualificadas negativamente).

No caso de que o alumno non demostre a adquisición dos mínimos e obteña novamente a cualificación de Suspenso no mes de Setembro ten mais oportunidades de recuperar a materia na convocatoria de pendentes .

## 6.2. Criterios de cualificación

**Criterios de cualificación**

*Os traballos propostos polo profesor serán o 100% da nota total.*

Procedementos: Como xa se leva indicando o longo de toda a programación, son a parte mais importante da materia. A porcentaxe será dun 100%. Dentro desta parte avalíase tamén a actitude do alumno fronte á materia.

**Cualificación dos traballos:**

- A nota obtida será a media aritmética dos traballos entregados polo alumno.
- Puidera darse o caso de que o profesor encargase aos alumnos algún traballo diferente aos habituais (de maior o moita menor envergadura ou dificultade) para que a media aritmética sexa xusta o profesor indicará o que dito traballo conta para a media , de este xeito, un traballo de moita dificultade pode contar como dous (e ata tres) traballos dos habituais, e como medio se a súa simplicidade así o precisa. O profesor debe indicalo valor do traballo no momento de encargalo ó alumno.
- Para a corrección dos traballos dos alumnos se utilizará a rúbrica do apartado 4 da presente programación, feitas cos estándares de referencia.
- Para a superación da materia o alumno terá que presentar todas as actividades propostas na devandita avaliación. Se falta por entregar un traballo se fará a nota media , sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos, se falta más de un traballo por entregar a cualificación en dita avaliación será de insuficiente ,salvo causa xustificada (que pode ser debida a circunstancias especiais atravesadas polo alumno ou a unha adaptación á diversidade realizada polo profesor para adaptarse ás características deste).
- Cada traballo poderá obter unha cualificación máxima de 10 .

### Rúbrica de corrección dos traballos (modo de utilización):

A cada aspecto básico do traballo se lle asignan unha serie de estándares que poden utilizarse. O profesor decide

( adaptándose á natureza do traballo avaliado) os estándares que utilizará para cualificalo. A cada estándar se lle asigna a porcentaxe da nota que lle corresponda , por exemplo, se o profesor no ámbito do análise e cualificación do resultado da imaxe final ( ao que, tal e como se ve na táboa correspondente, se lle asignan 3 puntos da nota total do traballo ) utiliza 4 estándares e un deles é un estándar básico , deberá saber que o porcentaxe ou peso na cualificación do estándar básico será de 2,2 e de cada un dos estándares que está a utilizar (os outros 3) é de 0,4 puntos, xa que para o estándar básico será o 60% da puntuación do bloque o 40% restante a repartir entre o resto dos estándares utilizados no bloque.

No caso particular do bloque "grao de implicación no proceso de creación" que ten todos os estándares básicos, a puntuación asignada repártese en partes iguais entre os estándares básicos utilizados.

En cada traballo deberán estar sempre cualificados positivamente os estándares básicos (distínguense dos outros por ter color escura de fondo, laranxa para os básicos a nivel xeral e azul para os básicos nos traballos de unha unidade didáctica concreta). Se estes estándares non están aprobados, o traballo recibe a cualificación se suspenso, tendo que repetilo para recuperar a materia.

## Valoración da "Actitude do alumno" durante o proceso de traballo:

A ficha do profesor está deseñada para recoller  a información sobre o alumno necesaria para poder cualificar os estándares recompilados no bloque: "Grao de implicación do alumno" .

Quedaría por recoller dentro deste apartado a importancia e a repercusión na cualificación de entregar os traballos na data definida . Neste aspecto o departamento decidiu e así  o fará saber aos alumnos , o seguinte:

***Entrega de traballos:***

Se o alumno entrega o traballo dentro da semana proposta para a  entrega será avaliado cun máximo de 7 puntos. Se o retraso excede a semana, a máxima nota será 6 puntos .Se a entrega é fora da avaliación na que o traballo foi proposto a máxima cualificación posible será de 5 puntos.

Os descontos anteriormente citados poden NON ser tidos en conta polo profesor á hora de cualificar ao alumno sempre que a razón de non ter entregados os traballos a tempo sexa xustificada o pola decisión do profesor de que o alumno teña que repetir algún traballo  o como medida de atención á diversidade.

***Grao de implicación do alumno no proceso de traballo:***

Nunha materia na que a parte procedimental é a fundamental, a actitude e o grao de implicación do alumno son fundamentais para garantir un proceso de aprendizaxe aproveitable. É por isto polo que consideramos que son aspectos que deben estar reflictidos con claridade na cualificación obtida polo alumnos nos traballos realizados na aula.

Para avaliar e poder cualificar a actitude do alumno utilizaremos a seguinte táboa:

| NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE-  Estándares indicativos da actitude do alumno | | |
|---|---|---|
| Aceptable<br>*(Desconto opcional de ata o 15% da nota obtida)* | Inaceptable<br>*( Desconto dun 15% au 50% do valor asignado ao traballo)* | Excelente<br>*(90% o 100% do valor asignado ao estandar)* |
| Os rexistros recompilados da ficha do profesor amosan que o seu comportamento é aceptable aínda que o alumno non está implicado no traballo nin aproveita ao 100% o tempo de traballo en clase. | O desconto na nota terá como referencia os rexistros do profesor sobre a actitude mostrada polo alumno durante a realización do traballo. Só descontaremos máis do 15% da cualificación obtida se os rexistros indican que a actitude do alumno é un problema para o desenrolo do seu proceso de aprendizaxe e o de os deus compañeiros. | O alumno móstrase participativo e implicado en todo momento co seu traballo. Mostra unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo e  Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades |

Unha vez obtida a cualificación do traballo mediante o uso da rúbrica correspondente, aplicaremos ( se é necesario) o desconto sobre a nota, en caso de que a actitude ante o traballo non fose a axeitada.

**Recompilación datos que o alumno debe coñecer :**

*Normas básicas de funcionamento na aula*

*1. Ser puntual á entrada e á saída de clase.*

*2. Comportarse adecuadamente durante es transcurso da clase, seguindo as indicacións do profesor*
*En xeral:*
*- Ocupar sempre o lugar asignado polo profesor*
*- non erguerse sen permiso*
*- non falar durante as explicacións do profesor*
*- Relacionarse de xeito adecuado e correcto con todos os membros da comunidade educativa ( profesor, compañeiros, persoal non docente...)*
*- pedir a palabra levantando a man respectando a quenda de intervención.*

*5. Utilizar o mobiliario e o material da aula correctamente*

*6. Manter impecables a mesa e a cadeira facendo uso da papeleira ao finalizar a clase.*

*7. Respectar tanto o traballo propio coma o alleo.*

*8. Presentar os traballos dentro do prazo indicado.*

*9. Traer os útiles e o material axeitados a cada actividade.*

Co fin de levar rexistro dos aspectos anteriormente citados , na ficha do profesor , nos ocos do calendario, o profesor anotará do seguinte xeito::

1. E. Indicando así a expulsión do alumno da aula
2. M. Indicando así que ese día en concreto o alumno non traxo o material necesario para o desenrolo da clase.
3. F. Falta de asistencia
4. C. Mal comportamento (Entendido este tanto se a causa é porque o alumno interrompe continuamente a marcha normal da clase, como se ten unha actitude inadecuada e reiterada no tempo tanto respecto ao profesor ou na relación cos compañeiros).

Se os rexistros tomados superan o número de 20, o profesor descontará dous puntos da nota, se o número de rexistros é menor, fará o cálculo proporcional.

1. R. Cando o traballo é repetido (se trabalo se repite máis dunha vez RR, RRR...)
2. T. Cando o traballo está entregado fora de tempo ( polo reverso da ficha o profesor deberá explicar se dito retraso ha sido en conta na nota)
3. *. Sempre que o profesor teña que facer un comentario respecto dun traballo en concreto, o asterisco indica que dito comentario está no reverso da ficha.

## 6.3. Criterios de promoción

| Criterios de promoción |
|---|
| |

# 7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

| Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente | | |
|---|---|---|
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | |
| 3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos. | | |
| 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| 5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado. | | |
| 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos. | | |
| 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina. | | |
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| 2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos…). | | |
| 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade. | | |
| 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | |
| 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| 6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase. | | |
| 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema | | |

| | | |
|---|---|---|
| con mapas conceptuais, esquemas… | | |
| 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| 3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| 5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| 7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos. | | |
| 8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| 9. Plantexa actividades grupais e individuais. | | |

| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE** | | |
|---|---|---|
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| 3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas. | | |
| 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| 6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| 8. Propón novas actividades que facilites a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente. | | |
| 9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sudo acadados con suficiencia. | | |
| 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc. | | |
| 11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudiantes e ás familias. | | |

## 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

| Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes |
|---|
| Non procede |

## 10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

| Deseño da avaliación inicial |
|---|
| Recollido nos apartados 7.1 e 11 da programación. |
| **Medidas individuais e colectivas** |
| Recollido no apartado de : Medidas de atención á diversidade |

## 11. Medidas de atención á diversidade

**Medidas de atención á diversidade**

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise aos alumnos da ESO.

Para atender á diversidade na aula o profesor haberá de ter en conta os seguintes aspectos:

- Características dos alumnos no referente a :
  - - Ideas previas dos alumnos
  - - Potencial do alumno ante o aprendizaxe
- Contexto psicocultural
- Contexto físicoambiental
- Estímulos e motivacións específicas

No desenrolo da práctica docente haberán de terse sempre presentes os principios básicos que conflúen na idea nuclear de que a educación e un proceso de construción no que, tanto o profesor como o alumno deben lograr a adquisición, pola parte do alumno, de aprendizaxes significativos. Para que isto sexa posíbel nunca se debe esquecer un dos principios básicos da educación : a "individualización ", educase a persoas concretas, en contextos concretos e con características e capacidades propias. De maneira que, para dar resposta ás necesidades que se plantexen na aula a programación planificada nun Primeiro momento haberá de adaptarse naqueles ámbitos que non alteren aspectos básicos do currículo, dista maneira, o proceso de ensino consigue dar resposta ás diferenzas existentes entre os alumnos modificando a metodoloxía, a secuenciación dos contidos, a forma de agrupamento na aula, as actividades etc...

Por outro banda, non pode esquecerse a importancia da aplicación dos procedementos de avaliación que permitirá determinar tanto o grao de progreso acadado polo alumno como as dificultades que podan plantexarse e ,dista forma, poderase axustar a intervención pedagóxica ás necesidades dos alumnos.

A natureza procedimental da materia que nos ocupa obriga a un seguimento continuo do traballo individual do alumno e

permite detectar con mais facilidade tanto as deficiencias coma as características individuais e contemplala diversidade dentro da aula .

Unha vez detectada a deficiencia ou o erro pode reconducirse a acción educativa en aqueles aspectos que non incumban aos básicos do currículo: Utilizando un tipo ou outro de actividades na proposta didáctica (actividades de desenrolo, de ampliación ou reforzo) , adaptando a temporalización ou a distribución de contidos proposta , flexibilizando agrupamentos de acción específica etc…No caso de que o profesor durante a avaliación formativa ou durante a fase de rexistro (na que revisa tanto os apuntamentos do alumno como os exercicios e as láminas propostas) detectase unha dificultade aplicaránselle o alumno medidas de reforzo específicas. Ditas medidas de reforzo poden ser dende novas propostas de exercicios, cambios na metodoloxía ou explicacións mais específicas (tanto durante o horario da materia como en horario non correspondente á materia, sempre que isto sexa posible). No caso de que ,aínda con medidas de reforzo, o alumno acade unha cualificación de non apto no exame de avaliación, existe a posibilidade de ir recuperando materia pendente ó longo do curso como xa se explicou no apartado anterior.

## 12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

**Elementos transversais que se traballarán**

TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA E COMPRENSIÓN LECTORA

A través das clases o profesor tratará de espertar a curiosidade e o interese do alumno polo mundo da arte e lle proporcionará a bibliografía suficiente para satisfacer dita curiosidade.

Formarán parte de dita bibliografía, por unha banda libros de consulta e ampliación sobre os coñecementos impartidos na materia e por outro lado, libros que o departamento considere oportunos e interesantes segundo as propostas de traballos que se fagan aos alumnos : tratados específicos; lecturas entretidas que falen do mundo da arte de xeito tanxencial pero que podan espertar certos intereses no alumno; lecturas que permitan o coñecemento do contexto histórico de certos momentos artísticos e que poden resultar imprescindibles co fin de comprendelos; biografías de artistas sobre os que se traballa na clase etc...

O departamento ten prevista a realización de traballos baseados na lectura de certos libros co fin de profundar nela e poder traballar sobre o feito de que os alumnos expresen ideas ou sentimentos a través de imaxes xeradas por se mesmos.

O fomento da lectura dende a materia que nos ocupa é relativamente sinxelo si se logra espertar nos alumnos o interese polo coñecemento e comprensión profunda dos artistas, as súas obras e o contexto que os xera.

Desde as materias do departamento colaboramos no plan lector do centro, traballando coas seguintes recomendacións:

- Activar coñecementos previos e presuposicións antes da lectura.
- Traballar a lectura en voz alta.
- Necesidade de reler os textos as veces necesarias
- Elaborar glosario básico de temas específicos da materia
- Elaborar listados de conceptos non comprendidos.
- Usar o dicionario.
- Ensinar a seleccionar ou subliñar o mais relevante de cada apartado ou parágrafo (palabras clave).
- Ensinalos a analizar os recursos tipográficos para comprender mellor a organización do texto.
- Ensinar a xeneralizar/englobar unhas ideas noutras.
- Resumos,esquemas, mapas conceptuais…
- Recomendar lecturas.

- Usar a B E.
- Traballar con diferentes tipos de texto cuxa dificultade se vaia incrementando ao longo da ESO.
- Reducir a aprendizaxe memorística.
- Que o alumno reelabore coas súas palabras a distinta información recibida .
- Ensinar a diferenciar os feitos das opinións.
- Dar opinión persoal sobre a lectura dun texto/narración…axeitado ao seu nivel.
- Dar opinión persoal sobre lectura de obras, narracións orais axeitadas ao seu nivel.

A través de todas elas traballamos a competencia

## TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.

Para o departamento de debuxo quizás o mais importante para o fomento das TIC é o feito de que os alumnos comprendan que as novas tecnoloxías proporcionan ferramentas de gran valor á hora de crear e tratar imaxes é á hora de buscar información que precisan para elaborar traballos, O fomento das TIC es algo sinxelo de lograr na materia que nos ocupa xa que é parte básica do currículo.

A intención do departamento neste aspecto é que os alumnos comprendan que , aínda que as ideas xorden deles do xeito mais sinxelo ( este é o proceso mais importante da creación e por iso e fundamental que o comprendan) as posibilidades de xerar imaxes ou buscar información con medios informáticos é enorme.

Dende a materia que nos ocupa procuraremos :

- que os alumnos coñezan os programas de debuxo mais importantes ( programas de tratamento de imaxes: photoshop, Gimp, Corel draw, Draw) e que consigan crear imaxes utilizándoos. Para iso, a casi totalidade dos traballos que se propoñen no curso deberán entregarse en soporte dixital (cartel contra a violencia de xénero, postais de Nadal...)

-Que para facer os traballos propostos os alumnos accedan a internet desde o centro co fin de buscar información necesaria para a elaboración dos mesmos ou de encontrar imaxes que sexan útiles e que coñezan os límites da utilización das imaxes que baixan de Internet ;

- Trataremos tamén de que o alumno coñeza os traballos de animación mais recentes e mostrarlles a existencia dos programas de animación e de creación 3D mais importantes.

- Os alumnos utilizarán tamén as novas tecnoloxías para facer traballos propostos sobre fotografía e linguaxe audiovisual.

O traballo na aula de informática é sobre todo importante para que os alumnos se familiaricen co uso de algúns dos programas citados pero, tanto o seu coñecemento como a visita as webs mais interesantes farémolas a través do canón da aula ou, se o visionado ou a interactividade dalgunha de elas así lo precisase, na pizarra dixital.

## EDUCACIÓN CÍVICA É PREVENCIÓN DA VIOLENCIA.

Neste apartado é moi importante que , a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen : A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, igualdade, respecto...en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

Neste sentido, a nosa materia, ademais de crear un ambiente de traballo no aula de aceptación, respecto e confianza que axude ao alumno a construír unha imaxe positiva de si mesmo e propoñer actividades ou traballos en grupo co fin de crear espazos próximos de convivencia deseña actividades nas que traballa de forma específica contidos deste elementos transversal.

por exemplo:

- O deseño dun cartel contra a violencia de xénero e exposición dos carteis realizados polos alumnos o día 25 no hall do instituto (o departamento colabora ademais co concello de Ribadavia, prestando os carteis de anos anteriores para que sexan expostos pola localidade. Para a realización deste traballo prepárase aos alumnos coa visualización de contido audiovisual, realización de debates... e proporciónaselles material para que reflexionen sobre o tema antes de realizar o traballo.

- Día da muller traballadora: O departamento colabora coa biblioteca na realización deste traballo e involucra ao alumnado no mesmo. Trátase de elixir unha figura feminina e estudar o seu traballo, o que este supuxo na historia e, na maioría dos casos , o que a limitou a súa condición de muller.
- Día da paz: O departamento colabora en actividades para conmemoralo.
- Actividades extraescolares: Planificadas tamén para xerar espazos novos de convivencia (viaxes, visitas a museos..)

E todas aquelas actividades que xurdan no curso e que sirvan para traballar os aspectos que forman parte deste contido transversal.

EMPRENDEMENTO:

Trátase aquí de adquirir destrezas e habilidades necesarias para conseguir un obxectivo proposto. De adquirir conciencia do obxectivo e planificar o modo de logralo.

Sempre que desde esta materia queiramos deseñar propostas de traballo que desenvolvan estes aspectos, as nosas actividades e propostas terán que traballar os seguintes ámbitos:

Capacidade de análise do alumno, capacidade de planificación e execución das fases de traballo, capacidade de superación dos problemas técnicos que aparecen durante a execución e de atopar novas vías , habilidades para traballar en grupo e desenvolvemento da creatividade e da imaxinación para a procura de solucións e alternativas. A gran maioría das propostas do departamento traballan estes aspectos. Podemos dicir entón que desde a materia que nos ocupa traballamos aspectos básicos deste elemento transversal que está directamente relacionado co desenvolvemento da capacidade de sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Debemos traballar polo tanto: Creatividade, imaxinación, autocoñecemento e autoestima ,aspectos estes reflectidos nos diversos apartados da programación

## 13. Actividades complementarias e extraescolares

**Actividades complementarias e extraescolares**

O departamento de debuxo participa e organiza bastantes actividades extraescolares cos alumnos . Algunha de elas incorpóranse ao currículo e toman forma de traballos a través dos cales estudamos os contidos básicos da materia: Carteis ou cortametraxes contra a violencia de xénero, postais de Nadal, elaboración da axenda escolar, cartel das letras galegas, concurso fotográfico sobre o Ribeiro…..

Por outra banda, é intención do departamento de debuxo, realizar unha visita cultural especialmente dedicada aos alumnos da ESO . O que se pretende é realizar una visita a algún dos museos que temos na comunidade ( Ourense, Vigo, Coruña ou Santiago). Antes de organizar a visita o departamento estuda a programación de cada un deles e decide a visita (sempre tendo en conta as exposicións que ofertan os museos e como se axustan estas á programación, a os aspectos nos que o departamento que profundar ).

Ao longo do presente curso a visita irá tomando forma e quedará constancia de isto nas correspondestes actas do departamento e na memoria final do curso de xeito moito mais detallado así como das actividades extraescolares anteriormente citadas (concurso fotográfico, de postais, de carteis …).

O presente curso o departamento de debuxo involucra aos seus alumnos nun proxecto de fotografía inmerso no plan proxecta e que creemos moi interesante por ter posibilidades de aportar moito aos nenos a nós como profesoras. O proxecto está directamente relacionado coas bases sobre as que cimentamos esta materia optativa : Fotografía en curso. Os traballos de os alumnos e as nosas conclusións sobre as aportacións da participación no mesmo as iremos recompilando nas actas de departamento do curso e na memoria final do mesmo. Este proxecto farémolo con moitas das nosas materias pero resúltanos especialmente relevante nas optativas de segundo de bacharelato por as posibilidades que se abren ao estar traballando xa con nenos de certa idade cuxos interese os traen ata as nosas optativas.

## 14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

| Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación |
| --- |
| Sería conveniente que unha vez ao trimestre se realizase un estudio de seguimento das programacións didácticas, quedando os resultados obtidos recollidos en acta de reunión do departamento. |